



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEPP DE CARREIRA

Pé do Corniño S/N
15967- Carreira
Telf: 881 866 351

cep.carreira@edu.xunta.es

www.edu.xunta.es/centros/cepcarreira

1

PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO

Versión 11-11-2020



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	3
ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO.....	3
ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.....	6
HORARIOS EN PERIODO DE CONFINAMENTO.....	10
MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.....	12



INTRODUCCIÓN

O Plan de Continxencia do centro educativo CEP Plurilingüe de Carreira ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de Covid-19.

Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
 - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva. De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbera dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.



CEPP DE CARREIRA

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia (PAC Ribeira) ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na Covid-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra dentro das seguintes 24 horas e para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguíanse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha



CEPP DE CARREIRA

parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo Covid do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.



ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo Covid do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

Debido a situación derivada pola crise sanitaria provocada pola COVID- 19, e tendo en conta o recollido no **Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensinanza non universitaria de Galicia para o curso 2020/2021** (Actualización: 4 de novembro de 2020) son 3 os posibles escenarios nos que nos podemos atopar: ensino presencial, semi presencial e non presencial.

No caso de peche de aula/centro/área ou cidade, ese mesmo día a dirección do centro enviará unha comunicación a través de abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro.

O mesmo día do peche o profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais para todo o alumnado de educación primaria e trasladará orientacións ás familias, especialmente para o alumnado de menor idade, a través da aplicación abalar Móbil, páxina web ou a través da aula virtual. Para calquera dúbida ou consulta sobre a comunicación coas familias a través de abalarMóbil ou da aula virtual, pode contactar coa



CEPP DE CARREIRA

asesoría Abalar de zona. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros.

No caso de **ensino non presencial**, desenvolverase a programación do seguinte xeito. En caso de confinamento de ata 10 días, aproveitarase este período para repasar os contidos mínimos do nivel correspondente traballados ata o momento. Para tal fin, utilizarase de forma xeral, a aula virtual. Nela colgaranse as actividades que hai que realizar e material complementario necesario. Para aquel alumnado que non dispoña de medios electrónicos/internet ou acompañamento axeitado, poñerase á súa disposición un caderno de reforzo que se enviará á casa a través do servizo de GAEM do concello.

En caso de que o confinamento se prolongue durante un período superior a 10 días, será a partir do día 11 cando empezaremos a traballar co alumnado materia nova. Segurase traballando a través da aula virtual e en caso de ser necesario, utilizaremos a plataforma Webex para explicacións, postas en común, clases virtuais, titorías...

Para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado, o profesorado utilizará a aula virtual. En caso de percibir que hai alumnos/as que non acceden ós contidos e traballos programados, dende as titorías realizaranse chamadas telefónicas para interesarse do motivo que impide realizar ese seguimento.

O mesmo día do peche os equipos directivos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro. Esta primeira intervención poderá ser apoiada polos equipos CFR baixo a coordinación da xefatura territorial.

Unha vez atendidas as necesidades iniciais as direccións dos centros trasladarán con carácter de urxencia por correo electrónico á inspección educativa as necesidades priorizadas de equipos que quedaran sen cubrir.

A inspección dará traslado destas necesidades aos servizos centrais para facilitar a súa cobertura inmediata.



CEPP DE CARREIRA

A principio de curso, realizouse unha enquisa as familias co fin de comprobar os medios electrónicos e informáticos dispoñibles e comprobar a posibilidade de seguir un proceso de aprendizaxe non presencial, de ser o caso. Unha vez obtidos os resultados, coñecemos que no noso centro hai 7 alumnos que non dispoñen dos medios necesarios para levar a cabo un ensino a distancia. Dende o centro, co fin de garantir o dereito á educación de todo o alumnado, solicitarase á inspección educativa os recursos precisados.

Todas as familias que reciban equipamento público (tanto do centro coma do CFR ou de servizos centrais) deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo que se entregará.

Éste será repartido coa máxima celeridade. Asignarase dándolle prioridade aos cursos superiores, as necesidades en todo Galicia a nivel global e a orde de necesidades específica trasladada polo centro.

Cando foran repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñibles ás familias, organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias. Farase unha reunión diferenciada para o alumnado de 2º EP e cursos inferiores, dado que a súa atención non se basea na aula virtual. Terase en conta a capacidade máxima de participantes nas aplicacións aportadas pola Consellería para videoconferencias e, polo tanto, realizaranse tantas convocatorias como sexan necesarias.

Unha vez superada a situación de confinamento ou peche o centro educativo, no prazo máximo de **3 días** deberá recoller todos os equipos cedidos para o seu traslado a servizos centrais coa máxima dilixencia.

Durante o tempo de peche ou confinamento o profesorado poderá atender as súas funcións lectivas e organizativas desde o seu domicilio, nos termos establecidos na normativa vixente. No caso de non serlle posible o desenvolvemento das súas tarefas por falta de medios materiais como ordenador ou conexión, deberá desprazarse ao centro educativo para completar as súas tarefas dado o seu carácter de persoal esencial, nos termos establecidos pola normativa vixente.



CEPP DE CARREIRA

Cando un/unha docente do centro se atope de baixa no confinamento ou peche, o equipo docente (departamento, equipos de ciclo, etc.) co apoio da persoa Coordinadora TIC/EDIXGAL porá a disposición do alumnado e as familias que corresponda o banco inicial de actividades para que o alumnado non vexa interrompido o seu proceso educativo ata a incorporación do docente ou a súa substitución.

Recálcase que, con carácter xeral e, durante a situación de confinamento, para garantir a coherencia, operatividade e xestión de datos persoais, non será posible a utilización de ferramentas non corporativas. Todos os servizos dispoñibles poden atoparse en:

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais>



CEPP DE CARREIRA

HORARIOS EN PERIODO DE CONFINAMIENTO

3º E 4º CURSO					
HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:30	Mat 3º Mat 4º	Música 3º Música 4º	Mat 3º Mat 4º	LC 3º LC 4º	CCNN 3º CCNN 4º
9:30-10:00	Mat 3º Mat 4º	LG 3º LG 4º	Mat 3º Mat 4º	LG 3º LG 4º	CCSS 3º CCSS 4º
10:00-10:30	Inglés 3º Inglés 4º	CCNN 3º CCNN 4º	EF 3º EF 4º	CCNN 3º CCNN 4º	CCSS 3º CCSS 4º
10:30-11:00	RECREEO				
11:00-11:30	LG 3º LG 4º	CCNN 3º CCNN 4º	LC 3º LC 4º	Val.So.Civ34º Relixión 3º 4º	Plástica 3º Plástica 4º
11:30-12:00	LG 3º LG 4º	LC 3º LC 4º	Inglés 3º Inglés 4º	Inglés 3º Inglés 4º	LC 3º LC 4º
12:00-12:30					EF 3º EF 4º
16:00-17:00		Titoría Pais/nais			
17:00-18:00		Reunións profesorado			

Cada sesión ten unha duración de 30 minutos. No caso de que o alumnado teña algunha dúbida o profesorado estará dispoñible de 12:00 ata as 14:00, así complétanse as titorías de 3º e 4º curso.



CEPP DE CARREIRA

5º e 6º CURSO					
HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:30	Inglés 5º	Mat 5º	Mat 5º	Mat 5º	Mat 5º
	Inglés 6º	Mat 6º	Mat 6º	Mat 6º	Mat 6º
9:55-9:25	Mat 5º	Inglés 5º	LC 5º	Inglés 5º	LC 5º
	Mat 6º	Inglés 6º	LC6º	Inglés 6º	CCSS 6º
10:50-10:20	LC 5º	Música 5º	CCSS 5º	LC 5º	EF 5º
	LC6º	Música 6º	CCSS 6º	LC6º	EF 6º
11:45-12:15	RECREO				
12:15-12:45	CCSS 5º	CCNN 5º	EF 5º	LG 5º	CCNN 5º
	CCSS 6º	CCNN 6º	EF 6º	LG 6º	CCNN 6º
13:10-13:40	Plástica 5º	LG 5º	LG 5º	Val.So.Civ56º	LG 5º
	Plástica 6º	LG 6º	LG 6º	Relixión 5º 6º	Afond./Ref. 6º
16:00-17:00		Titoría Pais/nais			
17:00-18:00		Reunións profesorado			

Cada sesión ten unha duración de 30 minutos. No caso de que o alumnado teña algunha dúbida poderase ampliar este horario dentro de cada sesión realizando así as titorías do alumnado de 5º e 6º.

Departamento de orientación:

Os especialistas de PT e AL están dispoñibles no horario fixado no DOC do centro, así como a orientadora.



CEPP DE CARREIRA

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche e tras a incorporación ás aulas recordaranse as medidas de hixiene e sanitarias vixentes. Valoraranse as dificultades que se tiveron durante o período de ensino non presencial, tanto referidas a problemas tecnolóxicos como de aprendizaxe.

O obxectivo será reforzar as aprendizaxes non adquiridas e solucionar problemas tecnolóxicos para que, en caso de novo confinamento, non se volvan a producir.

Aprobado en Claustro a 11-11-2020

V. e pr. A directora



Beatriz Fernández García